

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CELEBRADA O DÍA 05 DE XUÑO DE 2013.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **CATORCE HORAS E CUARENTA MINUTOS** do mércores día **CINCO DE XUÑO DE DOUS MIL TRECE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, réunese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **D^o MANUEL CUIÑA FERNANDEZ** e os concelleiros **D^o ANTONIO COUSO ÁLVAREZ**, **D^o KLAUS BREY MONTAÑA** e **D^a DOLORES GARCÍA TROITIÑO** e do Secretario da Corporación **FRANCISCO JAVIER OUBIÑA LODEIRO**, que suscribe e da fe.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1^o.- **SUBVENCIONS.**
- 2^o.- **SOLICITUDES DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DOS MESES DE ABRIL E MAIO.**
- 3^o.- **ANTEPROXECTO MINI RESIDENCIA DE MAIORES.**
- 4^o.- **INFORME DA POLICÍA LOCAL 273/13 SOBRE PROPOSTA DE REDISTRIBUCIÓN DO TRÁFICO NA RÚA RAMÓN DE VALENZUELA (ESTRADA PO-204).**

1^o.- **SUBVENCIONS:**

1.1.- Programa de Dinamización Comercial Silleda 10.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Vista a Orde da Consellería de Economía e Industria, do 30 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a concellos de Galicia para revitalizar o comercio de proximidade e potenciar unha rede galega de mercados de abastos excelentes, cofinanciadas polo Feder, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013 (código de procedemento IN223A). (DOG n^o 88 de 8 de Maio de 2013).

Vista a proposta do Concelleiro de Comercio, Klaus Brey Montaña, de data 05 de xuño de 2013, sobor solicitude de subvención para o Programa de Dinamización Comercial Silleda 10 que se transcribe:

“Vista a Orde da Consellería de Economía e Industria, do 30 de abril de

2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a concellos de Galicia para revitalizar o comercio de proximidade e potenciar unha rede galega de mercados de abastos excelentes, cofinanciadas polo Feder, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013 (código de procedemento IN223A). (DOG nº 88 de 8 de Maio de 2013)

Visto que dentro da mesma existe una liña de subvención recollida na letra e) do artigo 1, que textualmente recolle: "Actuacións que teñan por finalidade acadar a dinamización comercial dirixidas á atracción de novos consumidores e á promoción das vendas nos eixes comerciais, excluídos os centros comerciais abertos, en concellos de ata 40.000 habitantes. Estas actuacións deberán presentarse dentro dun proxecto de incentiación ao consumo, propostas, deseñadas pola mesa local de comercio e co informe desta, e nas cales se amose a participación de todas as asociacións representativas do comercio existentes no termo municipal. A porcentaxe subvencionable acadará o 80 % do investimento, cun máximo de 3.000,00 euros de subvención"

Propónse á XGL que se adopte o seguinte acordo:

1.- Aprobación de SILLEDA 10, PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL para Potenciar e Divulgar o sector comercial dos núcleos de Silleda e A Bandeira, sobre todo o pequeno comercio local a través de accións puntuais buscando situar ó municipio como destino preferencia á hora de satisfacer as demandas comerciais dos veciños e das xentes e turistas que nos visitan.

Suliñar que o devandito programa foi presentado e aprobado na reunión da da Mesa Local de Comercio celebrada o pasado 7 de Febreiro de 2013 co seguinte Orde día:

A).- Resume de Accións realizadas durante o exercicio 2012.

B).- Presentación á Mesa, do Programa de Dinamización Comercial Silleda 10.

Asistiron: Rosa M^a Rivas Lois en representación da Consellería de Economía e Industria, Olga Pereira Penedo da Federación FUCIGA, Fátima Costoya Pérez Presidenta da ECOS, Asociación de Comerciantes e Empresarios de Silleda, E Klaus Brey Montaña Concelleiro de Comercio baixo a presidencia da Alcaldesa do Concello, Paula Fernández Pena.

2.- Aprobación do investimento para a realización da campaña de 4.566,78 €

3.- Solicitar, ao abeiro da referida orde, unha subvención de 3.000 €

4.- Dar traslado do acordo que se adopte a Intervención, ao Pleno da Corporación así como á Mesa Local de Comercio”

A Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade aprobar a proposta do Concelleiro de Comercio transcrita e polo dito

1.- Aprobación de SILLEDA 10, PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL para Potenciar e Divulgar o sector comercial dos núcleos de Silleda e A Bandeira, sobre todo o pequeno comercio local a través de accións puntuais buscando situar ó municipio como destino preferencia á hora de satisfacer as demandas comerciais dos veciños e das xentes e turistas que nos visitan.

Suliñar que o devandito programa foi presentado e aprobado na reunión da da Mesa Local de Comercio celebrada o pasado 7 de Febreiro de 2013 co seguinte Orde día:

A).- Resume de Accións realizadas durante o exercicio 2012.

B).- Presentación á Mesa, do Programa de Dinamización Comercial Silleda 10.

Asistiron: Rosa M^a Rivas Lois en representación da Consellería de Economía e Industria, Olga Pereira Penedo da Federación FUCIGA, Fátima Costoya Pérez Presidenta da ECOS, Asociación de Comerciantes e Empresarios de Silleda, E Klaus Brey Montaña Concelleiro de Comercio baixo a presidencia da Alcaldesa do Concello, Paula Fernández Pena.

2.- Aprobación do investimento para a realización da campaña de 4.566,78 €

3.- Solicitar, ao abeiro da referida orde, unha subvención de 3.000 €

4.- Dar traslado do acordo que se adopte a Intervención, ao Pleno da Corporación así como á Mesa Local de Comercio”

1.2.- Implantación dun parque solar fotovoltaico para autoabastecemento da rede de alumado público no polígono Industrial de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Vista a Orde Orde da Consellería de Economía e Industria, do 2 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia,

cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013 (IN519B).(DOG nº 88 de 8 de Maio de 2013)

Vista a proposta do Concelleiro de Obras e Servizos, Manuel Cuiña Fernández, de data 04 de xuño de 2013, sobor solicitude de subvención para Implantación dun parque solar fotovoltaico para autoabastecemento da rede de alumeadado público no polígono Industrial de Silleda que se transcribe:

“Vista a Orde Orde da Consellería de Economía e Industria, do 2 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013 (IN519B).(DOG nº 88 de 8 de Maio de 2013)

Vista a memoria denominada "Proposta de Implatación dun parque solar fotovoltaico para autoabastecemento da rede de alumeadado público do Polígono Industrial de Silleda(Concello de Silleda)", cun orzamento total de 119.433,75 €

Proponse á XGL que se adopte o seguinte acordo:

Emprender a actuación recollida na memoria referida, así como solicitar unha subvención, polo 80 % do orzamento total, para a súa execución ao abeiro da orde de 2 de Maio de 2013, arriba citada.

Dar traslado do acordo que se adopte a Intervención,e ao Pleno da Corporación.”

A Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade aprobar a proposta do Concelleiro de Obras e Servizos transcrita e polo dito

Emprender a actuación recollida na memoria referida, así como solicitar unha subvención, polo 80 % do orzamento total, para a súa execución ao abeiro da orde de 2 de Maio de 2013, arriba citada.

Dar traslado do acordo que se adopte a Intervención,e ao Pleno da Corporación.

1.3.- Adecuación ou mellora de espazos destinados a mercados tradicionais e ambulantes, núcleo urbán de Bandeira e Mellora de eixes comerciais, núcleo urbán de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, por delegación da Alcaldesa (Decreto 04 de xullo de 2011), por unanimidade dos presentes aproba este acordo:

Vista a Orde da Consellería de Economía e Industria, do 30 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a concellos de Galicia para revitalizar o comercio de proximidade e potenciar unha rede galega de mercados de abastos excelentes, cofinanciadas polo Feder, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013 (código de procedemento IN223A). (DOG nº 88 de 8 de Maio de 2013).

Vista a proposta do Concelleiro de Obras e Servizos, Manuel Cuiña Fernández, de data 04 de xuño de 2013, sobor solicitude de subvención para Adecuación ou mellora de espazos destinados a mercados tradicionais e ambulantes, núcleo urbán de Bandeira e Mellora de eixes comerciais, núcleo urbán de Silleda. que se transcribe:

“Vista a Orde da Consellería de Economía e Industria, do 30 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións a concellos de Galicia para revitalizar o comercio de proximidade e potenciar unha rede galega de mercados de abastos excelentes, cofinanciadas polo Feder, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013 (código de procedemento IN223A). (DOG nº 88 de 8 de Maio de 2013).

Vistas as memoria valoradas polo arquitecto Abrahán Castro Neira, denominadas:

1) Adecuación ou mellora de espazos destinados a mercados tradicionais e ambulantes. Núcleo Urbán de Bandeira(Concello de Silleda).

2) Mellora de eixes comerciais. Núcleo Urbán de Silleda

Proponse á XGL que se adopte o seguinte acordo:

- Aprobar as memorias valoradas redactadas polo referido arquitecto, cun orzamento de 33.354,54 € a primeira, e de 45.796,62 €, a segunda.

- Solicitar unha subvención para cada unha das actuacións, do 75% do orzamento total, sinalando, en consecuencia que, con respecto á recollida no punto 1, é dicir, "Adecuación ou mellora de espazos destinados a mercados tradicionais e ambulantes. Núcleo Urbán de Bandeira(Concello de Silleda)", solicitaríase a cantidade de 25.015,91 €, e con respecto á recollida no punto 2, é dicir, "Mellora de eixes comerciais. Núcleo Urbán de Silleda", solicitaríase a cantidade de 34.347,47 €, asumindo, en ámbolos dous casos, o Concello de Silleda á cantidade non subvencionada.

- Sinalar, ademais que, tal como recolle o punto 7 do artigo 1 da referida Orde, para os supostos de presentación de mais dunha solicitude, a actuación prioritaria para este Concello é a denominada "Adecuación ou mellora de espazos destinados a mercados tradicionais e ambulantes. Núcleo Urbán de Bandeira(Concello de Silleda)"

- Dar traslado do acordo que se adopte a Intervención, ao Pleno da Corporación así como á Mesa Local de Comercio."

A Xunta de Goberno Local, acorda por unanimidade aprobar a proposta do Concelleiro de Obras e Servizos transcrita e polo dito

1.- Aprobar as memorias valoradas redactadas polo arquitecto Abrahán Castro Neira, cun orzamento de 33.354,54 € a primeira, e de 45.796,62 €, a segunda.

2.- Solicitar unha subvención para cada unha das actuacións, do 75% do orzamento total, sinalando, en consecuencia que, con respecto á recollida no punto 1, é dicir, "Adecuación ou mellora de espazos destinados a mercados tradicionais e ambulantes. Núcleo Urbán de Bandeira(Concello de Silleda)", solicitaríase a cantidade de 25.015,91 €, e con respecto á recollida no punto 2, é dicir, "Mellora de eixes comerciais. Núcleo Urbán de Silleda", solcitaríase a cantidade de 34.347,47 €, asumindo, en ámbolos dous casos, o Concello de Silleda á cantidade non subvencionada.

3.- Sinalar, ademais que, tal como recolle o punto 7 do artigo 1 da referida Orde, para os supostos de presentación de mais dunha solicitude, a actuación prioritaria para este Concello é a denominada "Adecuación ou mellora de espazos destinados a mercados tradicionais e ambulantes. Núcleo Urbán de Bandeira(Concello de Silleda)"

4.- Dar traslado do acordo que se adopte a Intervención, ao Pleno da Corporación así como á Mesa Local de Comercio.

2º.- SOLICITUDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMIENTO DOS MESES DE ABRIL E MAIO.

Visto o escrito remitido por Espina & Delfin S.L. de data 04 de xuño de 2013, (Rexistro de Entrada nº 3146, de data 04 de xuño de 2013), remitindo relación de **solicitudes de abastecemento e saneamento** para súa aprobación correspondentes ós meses de abril e maio de 2013 (Asunto: Listados Nº 3 e 4) e que se relaciona a continuación:

Solicitudes Mes de abril 2013 (Listado 3: Importe 246,41 €)



| Apelidos e Nome dos abonados | Enderezo |
|---------------------------------|-------------------------------|
| Mato González Yolanda | Rúa Morón s/n -2I (Silleda) |
| Fernández Eire Luis | Rúa Venezuela, 2-1B (Silleda) |
| Albia Gestión de Servicios S.L. | Lg. Vilanova , 17 (Margaride) |
| Míguez Diéguez Estefanía | Rúa Trasdeza, 50-2 (Silleda) |
| Sánchez Carballude Rosa | Lg. Caxeba, 2 (Saidres) |
| Rodríguez Fernández J Manuel | Rúa da Empanada, 5 (Bandeira) |

Solicitudes Mes de maio 2013 (Listado 4: Importe 120,20 €)

| Apelidos e Nome dos abonados | Enderezo |
|---------------------------------|----------------------------------------------|
| Espiño Mejuto José Benito | Rúa República Arxentina, 5-4D (Silleda) |
| Cayetano Vieitez S.L. | Rúa Ramón de Valenzuela, 43-1A (Bandeira) |
| Martínez Brea Jorge | Tv República Arxentina s/n-1C (Silleda) |
| Com Propietarios Edif Meixeiros | Rúa Camilo José Cela, 1 (Bandeira) |

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación ós listados anteriormente mencionados

3º.- ANTEPROXECTO MINI RESIDENCIA DE MAIORES.

Visto o escrito remitido pola Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, de data 17 de xaneiro de 2013, Rexistro de Entrada nº 330, de data 23 de xaneiro de 2013, remitindo informe técnico do 10 de xaneiro de 2013 emitido na tramitación do procedemento de viabilidade para a creación de centros de servizos sociais, correspondente ó centro denominado Mini residencia para maiores en Silleda.

Visto o anteproxecto denominado “Mini Residencia de Maiores”, a situar na estrada PO-205 s/n (Silleda), redactado polo Arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro, en data maio de 2013, cun orzamento total, incluído IVE, de 583.159,50 €

Visto o informe técnico emitido polo arquitecto asesor do concello Lino Doporto Framil de data 05 de xuño de 2013.

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación ó anteproxecto denominado “Mini Residencia de Maiores”, redactado polo Arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro, en data maio de 2013, cun orzamento total, incluído IVE, de 583.159,50 €

4º.- INFORME DA POLICÍA LOCAL 273/13 SOBRE PROPOSTA DE REDISTRIBUCIÓN DO TRÁFICO NA RÚA RAMÓN DE VALENZUELA (ESTRADA PO-204).

Pola Alcaldía dase conta do informe emitido polo Inspector Xefe da Policía Local de Silleda, nº 273/13, de data 05 de xuño de 2013 sobre proposta de redistribución do tráfico na rúa Ramón de Valenzuela (Estrada PO-204) que transcríbese a continuación:

“N/Ref.: Informe 273/13

Asunto: PROPOSTA DE REDISTRIBUCIÓN DO TRÁFICO NA RÚA RAMÓN DE VALENZUELA (ESTRADA PO-204)

CARACTERÍSTICAS DA RÚA

- Rúa: Ramón de Valenzuela (comprendida no trazado da estrada PO- 204 Bandeira - Merza, de titularidade autonómica)*
- Tramo: comenza no cruce que une dita rúa coa estrada N-525*
- Lonxitude da Rúa: 390 metros*
- Circulación: en dous sentidos, con un carril en cada sentido, e estacionamento permitido a ambas as dúas marxes*
- Ancho da calzada: non dispón do mesmo ancho en todo o trazado, indo dende 8.90 m. ata 10.00 m.*
- Beirarrúas: elevadas sobre o nivel do pavimento, a ambos os dous lados*
- Intesidade Media Diaria estimada: 350 vehículos.*

PROBLEMÁTICA

A estrada é utilizada diariamente por un grande número de camións, xa que ademais de ser vía de unión coa parroquia de Merza, é o camiño que da servizo a dúas importantes explotacións mineiras (“Campomarzo” e “Mibasa”) e ao vertedoiro de residuos inertes do Concello de Silleda. Segundo datos aportados por estas empresas, cotabilizáanse diariamente entre 125 e 175 camións de grande tonelaxe.

Os espazos de estacionamento non se atopan delimitados mediante sinalización horizontal, con todo está permitido facelo nas dúas marxes.

Nesta Rúa prodúcese a cotío atrancos na circulación de vehículos, pois o ancho da vía resulta insuficiente para soportar dous carriles de circulación e dúas beiravías de estacionamento. Cando se produce o cruce de dous vehículos que circulan en sentido contrario, e polo menos un deles é un camión, dita manobra resulta difícil, perigosa, e en ocasións, imposible; de aí os contínuos atrancos.

PROPOSTA

Visto que se están acometendo obras de mantemento e mellora no firme de dita rúa, e tendo en conta a necesidade de repoñer a sinalización horizontal, enténdese que é o intre oportuno para redistribuir os espazos de circulación e estacionamento, e así tentar solucionar a problemática antes descrita.


Por elo elévase proposta consistente na configuración da calzada en dous carris de circulación (un en cada sentido) de 3.5 m, de ancho cada un, e unha soa beiravía de estacionamento que resultaría con ancho variable debido as variacións que tamén presenta a vía.

Adxúntase informe fotográfico da rúa.”

A Xunta de Goberno Local, de acordo coas atribucións delegadas pola Alcaldía por resolución de 4 de xullo de 2011, por unanimidade dos presentes, acorda prestar aprobación ó informe emitido polo Inspector Xefe da Policía Local de Silleda, de data 05 de xuño de 2013 (Ref. 273/13) e dar traslado do mesmo a Xunta de Galicia ós efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión as quince horas, extendéndose a presente acta, do que como secretario, dou fe e certifico.

Silleda, a 05 de xuño de 2013.



Asda. Paula Fernández Pena

Asda. Paula Fernández Pena



O SECRETARIO

Asda. Francisco J. Oubiña Lodeiro

